

Neste texto tes que colocar as palabras que faltan. Despois responde ás preguntas.

Mais Cibrán marchou á feira por ver de gañar uns euros, e vendeu *castañas* podres a un elevado prezo.

Un levaba quince quilos, outro, dezasete e medio. Unha *moza* de Marín comprou até encher os petos.

Rematada a mercancía, feliz estaba o labrego. Botouse a andar cara á casa con moito *pese* nos petos.

Ao cabo de catro días, unha *mañanciña* cedo, escoitou bourar na porta e espertou morto de medo.

-¿Quen é o que tanto peta?
¿Seica xa non hai respecto?
Agardade *dous* minutos,
que de seguida me ergo.

Ao caronciño da porta había *sacos* e cestos, mozos, vellos e mulleres e ata estaba o señor crego.

Aínda ben non foi abrir, mil lapadas lle caeron. Despois de volver os *cartos*, ficou trinta días preso.

Responde:

¿Quen vendía castañas? Cibrán.

¿Cómo estaban as castañas que vendeu Cibrán? Podres.

¿Qué había ao pé da súa porta? Sacos e cestos, mozos, vellos e mulleres e o señor crego.

¿Qué tivo que facer Cibrán ao final? Devolver os cartos.